

II Premis Gaudí no CGAI

Luns 3 de maio (20.30 horas)

TRES DIES AMB LA FAMILIA / TRES DÍAS CON LA FAMILIA

Premio á Mellor Longametraxe de Lingua Catalana

(España, 2009)

Dirección: Mar Coll. Guión: Mar Coll e Valentina Viso. Producción: ESCAC, Escándalo Films S.L., TV3 e TVE. Fotografía: Neus Ollé. Intérpretes: Nausicaa Bonnín, Eduard Fernández. Duración: 86 minutos.

Léa vai ate Girona, onde o seu avó materno acaba de falecer. De trato inexistente coa súa familia grazas á súa marcha ao estranxeiro, a obrigada convivencia pola morte do patriarca durante tres días amoa ben as claras a hipocresía moral e conservadurismo dese mundo que a Léa tanto lle repele. Unha das vetas constantes e máis ricas da historia do cine español, o drama íntimo e a disección do microcosmos familiar, para un título premiado –sobre todo Mar Coll e a actriz protagonista Nausicaa Bonnín- en varios certames e nos premios Goya, favorecido pola sempre impagable aparición de Ramón Fontserè.

Martes 4 de maio (20.30 horas)

23 F, EL DÍA MÁS DIFÍCIL DEL REI / 23-F, EL DÍA MÁS DIFÍCIL DEL REY

Premio á Mellor Película para TV

(España, 2009)

Dirección: Silvia Quer. Guión: Helena Medina. Producción: Televisió de Catalunya, Alea Docs&Film e a participación de TVE. Fotografía: David Omedes. Intérpretes: Lluís Homar, Emilio Gutiérrez Caba, Mónica López. Duración: 150 minutos. A miniserie máis vista da historia recente da televisión, gañadora do Premio Gaudí á mellor película para televisión. Unha reconstrucción histórica a través dos principais actores do golpe de estado (especialmente o monarca) perpetrado o 23 de febreiro de 1981 que conta con solventes intérpretes como Juan Luis Galiardo (Alfonso Armada) e José Sancho (Miláns Del Bosch).

Luns 10 de maio (20.30 horas)

CHER AMI

Premio á Mellor Longametraxe de Animación

(España, 2009)

Dirección: Miquel Pujol. Guión: Miquel Pujol e Ibán Roca. Producción: Acció, Digital Dreams e Euroview en colaboración con Televisió de Catalunya. Fotografía: Donato Fierro. Duración: 85 minutos.

Outubro de 1918. A tranquila vida de Cher Ami e dos seus amigos da granxa vese amenazada pola chegada da Gran Guerra aos bosques de Argonne. Un destacamento das forzas aliadas instálase na granxa. Divertida aventura inspirada nunha historia real que gañou o Gaudí ao mellor título de animación.